

hi ha hagut l'esmena de determinades formes lèxiques i sintàctiques que l'autor va encomanar als curadors i al corrector, a fi d'acordar la redacció del conjunt de treballs amb els criteris gramaticals que ell tenia en aquells moments. No hi ha dubte que es refereixen, molt especialment, a l'ús del pronom fort *ell* (i flexió) referit a inanimats i al dels possessius, en lloc del pronom *en*, com a representació anafòrica del terme determinatiu del complement directe, que Vallcorba havia combatut amb decisió sense tenir en compte els nombrosos exemples d'aquests dos usos que es podien trobar fàcilment en els seus treballs anteriors. La revisió general va anar a càrrec de Jem Cabanes, d'una competència ben acreditada, el qual, a més, va tenir l'oportunitat de mantenir un diàleg constant amb l'autor, circumstància òptima per a la consecució d'un resultat plenament satisfactori.

Caldria dir un parell de mots del disseny de la portada, que és una mostra més d'aquesta trista i aberrant subjecció a la infecta tirania dels dissenyadors gràfics: el nom de l'autor, escrit en negatiu sobre un fons verd pàl·lid, és pràcticament il·legible. Que un responsable editorial es pugui inhibir de detalls tan essencials ens resulta verament incomprensible.

Pel que fa a l'aparició dels volums segon i tercer, segons una recent declaració de Josep Ferrer s'ha previst per al 2011 i el 2012, respectivament.

Albert JANÉ
Institut d'Estudis Catalans

VENY, Joan / PONS I GRIERA, Lúdia (2008): *Atlas Lingüístic del Domini Català. Volum IV. 9. El camp i els cultius*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 432 p.

VENY, Joan / PONS I GRIERA, Lúdia (2010): *Atlas Lingüístic del Domini Català. Volum V. 10. Indústries relacionades amb l'agricultura. 11. Els vegetals*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 432 p.

A publicação dun novo volume dun atlas en curso é sempre unha boa noticia, acollida cunha mestura de xúbilo e de renovada esperanza polo reducido grupo dos que participamos en obras de cartografía lingüística e por toda a compañía, por fortuna máis extensa, dos investigadores e investigadoras interesados na variación xeolingüística. Convencidos como estamos do alto valor científico, social e cultural deste tipo de empresas —aínda que custosas e moi dilatadas no tempo—, vivimos permanentemente co temor de que continencias internas ou externas, alleas aos nosos fins e determinación, as frustren e non sexamos quen de dalas levado ao seu termo.

Saudamos nesta ocasión a publicación de dous volumes do *Atlas lingüístic del domini català*, que fan o cuarto e quinto dunha serie comezada, despois dunha longa espera, en 2001 e para a que se prevé un total de 9 tomos. Cunha cadencia regular e cumprindo co programa temático, na orde establecida xa desde o propio cuestionario, o equipo redactor foinos ofrecendo un volume coa cartografía das respostas referidas ao corpo humano e as súas enfermidades, en 188 mapas (*Volum 1. Introducció. 1. El cos humà. Malalties*, 2001); un volume dedicado á casa, á vida doméstica e á vestimenta, con 269 mapas (*Volum 2. 2. El vestit. 3. La casa i ocupacions domèstiques*, 2003); e un volume de contido máis heteroxéneo, dedicado á familia, ás crenzas, aos xogos, ao tempo cronolóxico e meteorolóxico, á topografía..., cun total de 291 mapas (*Volum 3. 4. La familia, cicle de la vida. 5. Món espiritual, l'Eglésia, Festes relixiosas, Crences. 6. Jocs. 7. Temps cronològic, Meteorologia. 8. Topografía*). Tódolos volumes contan coas necesarias introducións, con listas de palabras non cartografadas, con índices e cun amplo e rico álbum gráfico, formado por debuxos feitos durante a recolleita de campo e, sobre todo, por fotografías.

Fixemos referencia máis arriba á longa espera e non quixeramos adentrarnos na presentación dos novos volumes sen volvermos poñer o acento sobre ela, por un exercicio necesario de memoria, para que se coñezan as dificultades contextuais en que nace un atlas e, en definitiva, para que se comprenda e valore xustamente o esforzo adicional que cómpre facer para poder sacalo adiante. Segundo explican

os impulsores en distintos lugares (cf., p. ex., Veny 1986: 77), o *ALDC* nace no ronsel dos pequenos atlas rexionais concibidos no marco do *NALF* (*Nouvel Atlas Linguistique de la France par régions*, deseñado por Dauzat, 1939) e os promotores comezan a falar del xa en 1952, isto é, medio século antes de vir a lume o primeiro volume. En 1959, o equipo fai unha presentación pública perante a comunidade científica, reunida en Lisboa con ocasión do IXº congreso internacional de lingüística románica, onde Badia, Colón, Companys e Veny expoñen as características principais e, facendo da necesidade virtude, explican que a espera involuntaria por “circunstancias de diversa índole” lles está permitindo realizar bastantes enquisas preliminares e mellorar aspectos metodolóxicos, de acordo coa súa propia experiencia ou coa doutros autores que non sufriron tamaños atrasos (Badia *et alii* 1961-1962). Non é difícil imaxinar cal podería ser a diversa índole das circunstancias que lles paralizaban unha obra desta natureza na Cataluña dos anos cincuenta; o caso é que non puideron principiar co traballo de campo ata mediados da década seguinte (1964) e os enquisadores aínda tardaron outra en dar cuberto os 190 puntos da rede (1975). A nova etapa política, que sen dúbida se abriría ante eles cunha grande esperanza, non veu acompañada de solucións inmediatas para o *ALDC*, paralizado por dificultades de recursos humanos e financeiros; o proxecto só se volveu poñer en pé quince anos despois de rematadas as enquisas, grazas ao agarimo do renovado Institut d’Estudis Catalans (1989), que soubo ver tanto a categoría científica coma a oportunidade estratéxica. E mesmo así, aínda había pasar outra ducia de anos ata ver publicado o primeiro volume. Medio século perseguindo un soño, sen desmaiar: hai niso algo máis ca tenacidade, é un acto de compromiso científico e de fidelidade íntima coa lingua catalá.

Non é esta a primeira ocasión en que o dominio lingüístico catalán tivo a fortuna de ser obxecto dunha campaña de recolleita de datos lingüísticos rigorosa e sistemática, con metodoloxía contrastada, para ser procesados e cartografados nun atlas. Tamén non se pode dicir que as empresas anteriores fosen de tipo menor ou de escaso alento. Contábase xa co inacabado *Atlas Lingüístic de Catalunya* (*AL-Cat*, Griera 1923-), que proporciona información preciosa sobre o estado da lingua no primeiro cuartel do século xx. Contábase cos cadernos de campo do *ALPI*, cubertos por Moll e Sanchis Guarnier nas décadas seguintes (coa interrupción da guerra civil), e mais coa cartografía parcial deste proxecto (un só volume, 1962), que comprendía a maior parte do dominio catalán —o situado en territorio español— e permitía avaliar a súa singularidade nun con texto lingüístico máis amplo. Os territorios catalanófonos situados ao norte da fronteira política foran comprendidos, obviamente, na rede de puntos do *Atlas linguistique de la France* (*ALF*, Gilliéron 1902-1910), concibido como unha grande empresa estatal. O catalán está tamén observado en atlas de pequenos dominios, como o *Atlas Lingüístic d’Andorra* (*ALAnd*, Griera 1960) e o *Atlas Lingüístic de la Vall d’Aran* (*ALVA*, Griera 1973), que permiten unha ollada moito máis atenta, completando e precisando a imaxe proporcionada polos atlas de dominios máis amplos, xa que neles se poden usar redes de puntos máis fitas e cuestionarios máis adecuados ás características lingüísticas, sociais e culturais do territorio; así, por exemplo, o *Atlas linguistique des Pyrénées Orientales* (*ALPO*, Guiter 1966, tamén no ronsel do *NALF*), volve sobre un territorio que xa fora comprendido parcialmente no *ALF*, no *ALC* e no *ALPI*, pero fai unha recolleita moito máis minuciosa e sobre unha rede de puntos moito máis rica e elaborada. Non pretendemos facer unha relación exhaustiva de todos os traballos de xeografía lingüística sobre o dominio catalán, tarefa que non nos compete e que nos afastaría do cometido actual, pero cremos necesario este marco para que se comprenda o alto nivel acadado con antecedencia e, por tanto, o alto nivel de esixencia con que se enfrenta a nova obra (para o confronto metodolóxico do *ALDC* con outros atlas previos no mesmo dominio, remitimos a Gargallo 1990).

Algúns trazos salientables do ALDC

Os puntos do enquisa do *ALDC*, 190 localidades, forman unha rede moito máis fita cá de anteriores traballos cartográficos, mais en áreas en que o coñecemento previo así o aconsellou optouse por unha malla aínda máis mesta. Cobre todo o dominio do catalán e ao longo da fronteira occidental establece

«una faja de varios kilómetros de espesor, que nos permite enlazar con zonas dialectales vecinas y fijar de una manera clara los actuales límites de la lengua catalana» (Badia et alii: 124). Ademais, os promotores procuraron diversificar o tipo e tamaño das entidades de poboación, de maneira que non fosen nin todos grandes núcleos urbanos nin todos pequenos enclaves rurais.

O dominio do catalán, con tódalas súas modalidades diatópicas, é o espazo que nos presenta a cartografía. Os datos lingüísticos dispóñense sobre un fondo en que, con distintas intensidades dunha color caqui clara, vén dada información xeográfica de distinto tipo. Un trazo grosso delimita o territorio observado respecto do resto da Península Ibérica e de Francia; un fino trazo punteado marca o límite das comarcas ou xurisdicións equivalentes. O dominio catalán preséntasenos así, fronte ao territorio contiguo, como un todo compacto, non fraccionado por divisións políticas e administrativas que non fan ao caso; facendo unha opción cartográfica que xulgamos moi atinada, ao limitaren a fracción interna á división comarcal, os autores producen unha impresión homoxénea e, por iso, niveladora. Os volumes veñen acompañados de dúas follas soltas: nunha, en papel vexetal, un mapa transparente da mesma escala cós mapas lingüísticos, onde constan estes límites xunto co número e nome das localidades representadas; outro, máis pequeno, é un mapa de polígonos, feito a partir do anterior, no que constan diferenciados os límites estatais, autonómicos e provinciais (ou departamentais). Na mesma cor caqui, o fondo do mapa ten marcados os cursos dos ríos e mailas láminas de auga de certo tamaño; tamén é perceptible a orografía, pois as elevacións veñen marcadas con tons máis escuros.

En todo caso, toda esta rica información sobre límites e variacións físicas non obstaculiza a visibilidade dos datos lingüísticos. Sobre o mapa proxéctanse en cor negra as seguintes informacións: (a) número do punto, sempre presente, haxa ou non resposta; (b) sinais convencionais diferenciados que ofrecen información adicional sobre a forma grafada, dada polos enquisadores (do tipo: primeira resposta / segunda resposta / o informante non coñece o referente...) ou polos redactores (do tipo: véxase nota complementaria / hai máis respostas / sen resposta...); (c) a transcripción fonética da forma ou formas obtidas, na orde preferente dada polo informante. É discutible cal é o modo máis eficaz de presentación dos datos lingüísticos sobre o soporte do mapa, pois poderían darse argumentos a favor e en contra tanto do traslado en transcripción fonética, punto a punto, coma do uso de símbolos convencionais ou tramas de cor, de maior claridade e impacto visual. Os coordinadores do *ALDC* optaron por unha posición pouco intervencionista e pouco interpretativa dos datos e, consonte ese principio, de forma rigorosa e suxeita a uns criterios preestablecidos, consignan as respostas en transcripción fonética, na mesma tradición inaugurada polo *ALF*.

Na esquerda da páxina, sobre a banda de mapa situada fóra do dominio catalán, figuran as seguintes informacións: (a) a referencia ao cuestionario, co número da pregunta; (b) baixo a epígrafe «Signes», a relación de sinais convencionais empregados en cada mapa coa finalidade explicada no parágrafo precedente; (c) baixo a epígrafe «Informació complementària», a relación de notas, comezando polas de tipo xeral e seguindo polas particulares, máis abundantes, identificadas de forma inequívoca co número de punto (correlativos) e o sinal convencional que figure a carón da resposta. Consonte o principio de só dar traslado no mapa á forma fonética das respostas léxicas, toda a información sobre significados, variantes formais dos obxectos, substitutos modernos, equivalencia das medidas agrícolas, etc. aparece listada no aparato de notas.

A disposición en páxina complétase cun recadro no ángulo superior esquerdo onde figura o número do mapa, un título (un enunciado ou un xeosinónimo de referencia) e o equivalente en castelán, francés e italiano; isto é, ofrécese a forma canónica na lingua dominante nos tres estados con que ten fronteira o dominio catalán, non nas linguas faladas no territorio contiguo. No ángulo inferior dereito, a escala (1:1.500.000) e un recadro que sitúa o dominio catalán no marco xeográfico do Mediterráneo noroccidental; en contadas ocasións, este recadro está ocupado por ilustracións do concepto representado.

Do mesmo xeito que a orde de publicación segue de maneira fiel a do cuestionario, tamén os mapas e as ilustracións teñen numeración continuada de volume en volume; unha opción valente que existe unha estrita planificación previa, pero facilita a localización posterior e simplifica moito a forma de cita.

Os novos volumes

O volume IV está dedicado ao campo e á agricultura, que ocupaba o capítulo 9 do cuestionario: a *masía*, valados e cancelas, o mundo laboral agrario, labores e faenas agrícolas, a rega, os legumes, os cereais e a herba, as medidas para o gran, ferramentas de labranza, o arado, o xugo e o carro... Como nos volumes anteriores, I. PRESENTACIÓ comprende un preámbulo coas características específicas desta entrega, ás que se suma unha referencia á explotación dos datos do ALDC no PALDC, de carácter interpretativo, e o xusto agradecemento a cantos fan posible a continuidade da obra. Segue unha relación de publicacións, participacións en congresos, recensións, notas e presentacións vinculadas ao proxecto; a listaxe de puntos de enquisa, presentados numericamente e por orde alfabética; ao final, as tabelas de convencións gráficas, abreviaturas e equivalencia dos signos fonéticos. Vén a continuación a cartografía, en II. MAPAS, con 200 cartas, a razón de unha por páxina (mapas 740-939). III. MATERIALS NO CARTOGRAFIATS comprende 9 listas de respostas con escasa variación formal, de respostas parciais e doutras respostas adicionais de pouco rendemento para a cartografía. O apartado IV. ILLUSTRACIONS ofrece 917 documentos gráficos, obtidos durante o traballo de campo, numerados (nº 849-1765), con indicación de título, número do punto de enquisa e nome da localidade; unha colección excepcional que, sobre contribuír aos obxectivos desta obra, será de enorme interese cultural e para investigadores doutras disciplinas. Péchase o volume con dous grupos de índices: en V preséntanse os dos mapas e materiais non cartografados (en catalán, español, francés e italiano) e de conceptos (tamén nas catro linguas); en VI están os de ilustracións, tanto polo número de documento coma polo de conceptos ilustrados. No cabo, o índice xeral do volume.

O volume V ten a mesma estrutura có anterior. Comprende os mapas correspondentes aos capítulos 10 e 11 do cuestionario, respectivamente *Indústries relacionades amb l'agricultura* (nº 940-1065) e *Els vegetals* (nº 1066-1254), cun total de 315 mapas e 30 listas de material non cartografado. A primeira parte ofrece información referida á viticultura e vinicultura, ao cultivo da oliveira e a elaboración do aceite, ao tratamento do liño e a fiada, ao muíño e a panificación, á produción de carbón e a obtención da cortiza...; na segunda ofrécense nomes de plantas, coas súas partes e froitos, e outro léxico relacionado. O álbum gráfico comprende 176 ilustracións (nº 1766-1941).

Ambos e dous volumes contan cunha mesma nómina de colaboradores, na que se deixa precisa e detallada constancia do nivel de responsabilidade e tipo de contribución, facendo asemade un discreto exercicio de memoria desde as orixes. De por parte, a ficha está poboada de grandes nomes da catalánística, que coa súa simple mención abondan para garantir a solidez do proxecto. Mencionámoslos nós na mesma orde en que figuran na páxina de créditos: como enquisadores principais, Joan Martí i Castell, Lúdia Pons i Griera, Joaquim Rafel i Fontanals e Joan Veny; como coordinadora, Núria Jolis i Masjuan; como colaboradores nestes dous volumes, Monserrat Roma i Uguet e Pedro Monzo (cartógrafo); como promotores do proxecto, Antoni M. Badia i Margarit e Germà Colón; como asesor informático, Joaquim Rafel i Fontanals; como analista informática, Cristina Busto; como asesor informático, Josep M. Rabella i Vives; como asesores de tradución, José Antonio Pascual e Pilar García Mouton (castelán), Francesco Ardolino e Ursula Bedogni (italiano, a segunda só no vol. V), M. Teresa García Castanyer, Jean-Paul Escudero e Christian Camps (francés).

Unha ollada esperanzada cara ao futuro

Son xa cinco volumes con cadencia regular dunha obra cartográfica que, pola súa magnitude, polo seu rigor metodolóxico e pola súa exquisita planificación supón, en efecto, un progreso notable fronte aos atlas que con anterioridade observaron o mesmo dominio, mesmo tratándose en tódolos casos de obras de primeiro nivel. Uns materiais que, sen dúbida, están chamados a servir de base para futuros estudos que avancen na definición das áreas de transición fronteirizas, tanto respecto dos dominios veciños coma entre as variedades interiores; no estudo de afinidades e diverxencias xeolingüísticas, e

por tanto na reconsideración das áreas dialectais do catalán; en estudos avaliativos da penetración areal do español no léxico tradicional; en estudos que mostren a variación xeolingüística ao longo do século xx, en contraste coas obras cartográficas anteriores do mesmo dominio; en estudos de apliquen novos métodos cuantitativos á análise da variación, etc.

Diciamos ao comezo que os que traballamos en atlas lingüísticos vivimos permanentemente co temor de que estas empresas de longo alento, de elaboración minuciosa e lenta, custosas en tempo e recursos —tanto na confección coma na edición—, se frustren antes de chegar á súa conclusión. Desexamos e confiamos en que o *ALDC* manteña este ritmo e este coidado na presentación, á altura da súa alta calidade científica e do prestixio da institución que o acolle. Vaian os nosos parabéns en primeiro lugar aos coordinadores e a tódolos investigadores que participaron, dunha maneira ou outra, en continuar a serie con estes dous novos volumes, preparados e editados con tanto rigor científico e esmero formal. Vaian os parabéns e a felicitación ao Institut d'Estudis Catalans, que ampara e impulsa o *ALDC* desde 1989, e que demostra unha vez máis a capacidade para combinar un programa de país en defensa da lingua propia coa excelencia do traballo científico. E, como non, sumámonos aos agradecementos dos coordinadores ás institucións públicas e privadas que co seu financiamento o fan posible, porque nos sentimos parte da comunidade beneficiada.

Rosario ÁLVAREZ
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Referencias bibliográficas

- VENY, Joan (1986): *Introducció a la dialectologia catalana*. Barcelona: Enciclopèdia catalana.
- BADIA MARGARIT, A. M. / COLÓN, G. / COMPANYS, Manuel / VENY CLAR, J. (1962): «Atlas Lingüístic del domini català», en *Actas do IX Congreso Internacional de Linguística Románica, Universidade de Lisboa, 31 de Marzo - 4 de Abril, 1959*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 121-126.
- GARGALLO GIL, José Enrique (1990): «Aspectos metodológicos en la elaboración de l'*ALDC* (*Atlas lingüístic del domini català*)». Valoración y cotejo con otros atlas previos», en *Filología Románica* 7, 175-190.

VILÀ I BAYERRI, Montserrat (2009): *Lluís Nicolau d'Olwer, Medievalista (1904-1938)*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 152 p. (Textos i estudis de Cultura Catalana, 148).

La intencionalitat i abast d'aquesta útil monografía, editada per les Publicacions de l'Abadia de Montserrat amb la correcció i la pulcritud acostumades, ve ben explicitada en la introducció, que delimita, succintament i clara, l'abast d'un treball que tracta de superar una llacuna fins ara evident: el desconexament que té el nostre gran públic de la brillant trajectòria de Lluís Nicolau d'Olwer com a medievalista.

El treball, resultat parcial d'una recerca sistemática realizada per l'autora com a tesi doctoral dirixida pel Prof. Joaquim Molas a la Universitat de Barcelona, s'articula «entorn d'un dobre objectiu: contextualitzar en primer lloc l'aportació de Nicolau com a medievalista en el marc d'una formació intelectual específica» (mestratges i entorn cultural i polític), a fi de determinar, després, *allò que aquesta aportació té d'essencial*. A partir de la concepció general suara enunciada, l'obra s'estructura en tres grans blocs centrats en la *formació intelectual, els estudis d'història literària, i els estudis de cultura i de literatura medieval* de l'autor estudiat i unes oportunes conclusións i índexs; estrutura que determina també un important acotament cronològic, que l'autora fixa entre 1904-1928, espai que li permet resseguir la producció més rellevant anterior a l'exili, iniciat el 1938, i que inclou des del seu